

# Servizos Económicos

## Tesouraría

### **Tesouraría**

Casa do Concello  
Oficias municipais – rúa Oriente, nº 11 – 1º andar  
36880 A CAÑIZA  
Tel.: 986 651 000 – 986 651 001

Horario: De luns a venres (agás festivos), de 9:00 a 14:00 h.

As funcións da Tesouraría comprende:

- **O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local**, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes.

O manexo e custodia comprende:

- A realización de cantos cobros e pagos corresponda aos fondos e valores da Entidade, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes.
- A organización da custodia dos fondos, valores e efectos de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.
- Executar, conforme ás directrices marcadas pola Corporación, as consignacións en bancos, Caixas de Depósitos e establecementos análogos, autorizando xunto co Ordenador de pagos e o Interventor os cheques e demais ordes de pago que se xiren contra as contas abertas en ditos establecementos.
- A formación dos plans e programas de Tesouraría, distribuindo no tempo as disponibilidades de diñeiro da Entidade para a puntual satisfacción das súas obrigas, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme ás directrices marcadas pola Corporación.